

PLATAFORMA EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA DE CANGAS



plataformasanidadecangas@gmail.com

nº 0 * xaneiro de 2.011



un negocio a conta da nosa saúde

POVISA condicionou o desenvolvemento dos servizos de saúde na área de Vigo

Desde que no ano 1983 o INSALUD asinara o primeiro convenio con POVISA, os veciños e as veciñas de Cangas vémonos obrigados a recibir asistencia nun centro privado, apartados, polo tanto, dos servizos dun hospital público.

Cando o SERGAS asume as competencias sanitarias a comezos dos 90, renuncia a dotar á sanidade pública dos recursos hospitalarios e tecnolóxicos necesarios. Daquela o papel subsidiario e complementario de POVISA transfórmase en sustituto directo a través dun concerto singular. Nos sucesivos concertos aquela situación de partida, que se nos vendeu como transitoria, convertírase nunha discriminación definitiva.


Finalmente, a modificación do proxecto arquitectónico do Novo Hospital de Vigo en 2.010 reducindo as infraestruturas necesarias para dar cobertura á poboación de referencia supuxo, (que casualidade!!) a eliminación dun número de camas equivalente ás que ofrece neste momento POVISA ao sistema público.

O SERGAS outorgoulle un gran poder a POVISA, ao mesmo tempo que foi perdendo os recursos necesarios para asumir a función asistencial que lle

correspondería no caso da ruptura do concerto.

POVISA negocia coa nosa saúde

POVISA é un negocio privado que parasita ao SERGAS. Durante a última década, o importe económico que lle destinou a administración pública non deixou de medrar, incrementándose nun 60,2%. En 2007 POVISA declarou uns beneficios de máis de catro millóns de euros, tirados directamente da nosa saúde.



Ata tal punto foi o poder de presión deste hospital privado sobre a Xunta, ou o que é o mesmo a posición de submisión dos gobernantes de San Caetano, que no ano 2005, en plena vixencia do actual Concerto, POVISA, utilizando mecanismos perversos, conseguiu


variar as tarifas por actividade incrementando notablemente os seus beneficios.

POVISA escolle os e as enfermos que lle interesa

Os e as usuarios de Cangas, asignados obrigatoriamente a POVISA, non temos acceso aos servizos de hospitalización a domicilio (HADO) e coidados paliativos cos que conta o resto da poboación da nosa mesma área sanitaria.

A razón é que **POVISA, en procura do negocio, evita os segmentos de poboación de maior idade, que lle xeran máis gasto sanitario e lle producen menos rendabilidade.**

Non é casualidade que no reparto de potenciais pacientes, a poboación maior de 64 anos que se lle adxudicou a POVISA sexa ata un 11% inferior á do resto da área sanitaria.



Na mesma liña apuntan as aspiracións de POVISA de facerse coa poboación pediátrica (menores de 14 anos), segundo se puido saber extraoficialmente das negociacións que actualmente se están a levar na máis absoluta escuridade para redactar un novo concerto.

POVISA por detrás do sistema público

Outros datos indican que a calidade asistencial de POVISA, medida en función dos recursos de persoal e camas, é

inferior á que se ofrece no hospital público de Vigo.

	POVISA	CHUVI
camas por 1000 habitantes	2,16	2,49
médicos por 1000 habitantes	1,62	2,01

As cifras do cadro, correspondentes ao ano 2006, deben reducirse aínda máis para POVISA, pois co mesmo persoal sanitario atende a súa actividade non concertada co SERGAS, que corresponde a 123 camas dun total de 423 que ten en funcionamento.

POVISA: non tan barato

Unha das falacias que nos queren facer tragar os altofalantes de POVISA é que o gasto por habitante neste hospital é inferior que no CHUVI, por exemplo. Pero os cálculos están falseados, pois as estruturas de custes e xestión son distintos e, ademais, os hospitais públicos atenden patoloxías máis graves, custosas e, como vimos anteriormente, atenden a unha poboación máis envellecida.

As artimañas de POVISA

Xunto coa revalorización que se ven efectuando todos os anos para a financiación do concerto (sempre por riba do IPC), POVISA utiliza toda clase de artimañas para sacarlle o diñeiro ao SERGAS. Velaquí unhas cantas que sinalou o Consello de Contas de Galicia no seu Informe do ano 2006:

- en 2006 os 53 millóns de € contabilizados en xaneiro, convertéronse nunha facturación neta acumulada de 66 millóns de € ao final do exercicio

- no mesmo 2006, POVISA cobrou case 5 millóns de € polo exceso de actividade, malia que o concerto precribía que non tiña dereito a ingresar por ese concepto

☞ o retraso de medio ano na fixación das novas tarifas utilizouse para “re-factorar” desde xaneiro a maior prezo

☞ a partir de 2005 a indefinición nas cláusulas do concerto da *consulta de alta* foi aproveitada para aumentar a facturación en 1,2 millóns de €, importe que non sería excluído e, polo tanto, embolsado por POVISA

☞ en quimioterapia POVISA facturou por riba dos custes reais- de modo que o incremento do custe medio por sesión pasou de 496 € en 2001 a 965.23 € en 2007, o que non se explica, segundo se revela no devandito Informe, polo aumento da actividade

☞ etc.

A Comisión de seguemento ao servizo dos intereses de POVISA

A Comisión de seguemento do Concerto Singular non abordou cuestións relacionadas co seguemento e avaliación da actividade concertada, limitándose as incidencias de carácter asistencial e tampouco existiron, polo menos ata a intervención en 2006 do Consello de Contas, actas debidamente formalizadas das reunións POVISA / SERGAS nin libro de rexistro que as rexistren.

POVISA logrou transformar a Comisión nun instrumento de renegociación permanente para modificar o Concerto no seu beneficio.


Outro triunfo de POVISA foi a eliminación da Inspección Médica

Durante os primeiros concertos (1993 e 1996) existiu unha unidade de Inspección Médica do SERGAS ubicada no edificio do centro hospitalario de POVISA. No ano 2000 trasladouse á rúa García Barbón.

A poboación asignada a POVISA tamén se encontra discriminada ao contar cun Servizo de Atención ao Paciente da propia empresa e non dependente do SERGAS, a diferenza dos demais hospitais públicos.

Cifras récord nas listas de espera

POVISA conta coas listas de espera cirúrxica máis grandes de todos os hospitais de Galicia. Durante os últimos catro trimestres as cifras non deixaron de medrar. Das listas de especialidades e de probas diagnósticas, aínda que non se queren facer públicos os datos oficiais, as veciñas e os veciños do Morrazo que as padecemos, sabemos que son enormes.



As grandes esperas convertéronse en crónicas na medida que POVISA foi acadando máis peso na área sanitaria de Vigo.

Os PERLE: todo serve para encher o saco sen fondo de POVISA

Os PERLE (Plans Específicos para a Redución das Listas de Espera), que tiñan

por obxecto reducir a espera aos e ás pacientes que levasen máis de 6 meses nas listas, supuxeron uns ingresos paralelos ao financiamento global de POVISA de nada menos que 4,8 millóns de euros no período 2004-2008.

Aproveitando o malestar social dos e das pacientes que ven como pasan os meses e non son chamados para unha consulta, unha operación ou realizar unha proba diagnóstica, **POVISA engordou as listas de espera para que a administración lle acudise cos millonarios PERLE.**

O conto da libre elección de hospital

A posibilidade de elección de hospital que a Consellería nos ofrece aos e ás usuarios de Cangas non é para agora nin se sabe para cando. Entre tanto cacarexo tampouco se molestaron en explicarnos como a van facer efectiva, pois a lexislación vixente só pemite a libre elección do médico de familia e os especialistas de referencia van ligados a esa elección. Suporá isto un primeiro paso para a entrega a POVISA dunha parte da tarta da xestión da Atención Primaria?

En realidade, a "libre elección" está pensada, aínda que non nolo contén así, para un modelo futuro de servizos da saúde privatizados, onde impere a lei do chamado "libre mercado" e coa conseguinte desaparición das áreas sanitarias e os seus centros de referencia. Un sistema onde os distintos centros hospitalarios compitan entre sí para ofrecer aos e ás pacientes, convertidos

agora en consumidores, determinados servizos que serían previamente postos nas mans da iniciativa privada.

A nosas propostas

Para parar a chantaxe de POVISA sobre a administración, que nos converte á poboación asignada en reféns dos seus intereses económicos, os poderes públicos deben reaccionar. Para isto é necesario que o SERGAS reconsidere tanto o Plan Funcional para a área sanitaria de Vigo, así como a redución das capacidades inicialmente proxectadas para o Novo Hospital Público de Vigo.

Desde a **Plataforma en Defensa da Sanidade Pública de Cangas** estamos porque na área sanitaria de Vigo toda a cidadanía teña acceso a un hospital público de referencia, e que exista unha única porta de entrada de urxencias hospitalarias. Para lograr isto reclamamos:

- ▶ **a transformación de POVISA nun centro hospitalario cun concerto por actividade sen poboación asignada, reducindo o seu peso e o seu papel dentro da área sanitaria**

- ▶ **a posibilidade para os usuarios e as usuarias de Cangas de acceder aos servizos dos hospitais públicos, deixando de estar obrigados a acudir a POVISA como hospital de referencia**

Ao mesmo tempo, aspiramos, por suposto, a que o sistema público de saúde vaia dando pasos firmes para asumir toda a actividade asistencial e hospitalaria que hoxe ofrece POVISA.

Ao ser POVISA un centro hospitalario privado, onde impera a lóxica da rendabilidade empresarial, os usuarios e as usuarias do mesmo padecemos unha atención e uns niveis de calidade comparativamente inferiores aos dun centro público, onde non existen os beneficios dos accionistas que son detraídos da saúde de todos e todas.